



# CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 12/2024

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E OITO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

En Ordes, a vinte e oito de novembro de dous mil vinte e catro.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup>. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D<sup>a</sup>. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D<sup>a</sup>. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D<sup>a</sup>. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D<sup>a</sup>. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D<sup>a</sup>. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVERDE REY
- D<sup>a</sup>. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D<sup>a</sup>. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

### 1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 6 de novembro de 2024, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 6 de novembro de 2024, resultou aprobada por maioría de dezasete votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

### 2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

### 3. APROBACIÓN PLAN NORMATIVO ANUAL 2025.

Vista a proposta sobre Plan normativo municipal para o ano 2024 (**Expdte 2024/G013/000002**).

Visto o disposto no artigo 132 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP),

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, de data 22/11/2024.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que é un plan de normas e regulamentos que se aproba anualmente nesta data, non teñen nada que engadir.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que a proposta de modificación de ordenanzas vense recollendo ao longo dos anos. A derogación de ordenanzas é un trámite sinxelo que se podía ter feito, as reguladoras do banco municipal de tempo e a reguladora da unidade psicosocial. Votan en falta a tradución do regulamento de organización e funcionamento que está en castelán e para dar cumprimento á lei de normalización lingüística traducilo ao galego. A diferenza do ano anterior, no que votaron en contra por que se prevía unha modificación do regulamento orgánico municipal para reordenar os procedementos de control do goberno municipal, a formulación de rogos e preguntas por parte da oposición. Dado que este ano non se prevé esta modificación van absterse neste punto.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de once votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político PSdeG-PSOE), coas abstencións (6 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

- Aprobar o Plan normativo municipal do Concello de Ordes para o ano 2025.
- Proceder á publicación do Plan Anual Normativo do Concello Ordes no Portal de Transparencia.

### 4. INICIO EXPEDIENTE CONCESIÓN DO TÍTULO DE FILLO PREDILECTO DE ORDES.

Expediente concesión do título de fillo predilecto de Ordes (**Expdte. 2024/X998/000442**).

Vista a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

“O art. 1 do Regulamento de honras e distincións do Concello de Ordes, establece que co fin de premiar especiais merecementos, destacados servizos ou beneficios sinalados para este Municipio, e co fin de dar unha proba da alta estimación da que se fan acredores méritos,



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

calidades ou circunstancias singulares merecedoras do público agradecemento cara os seus autores, o Concello de Ordes institúe entre outras honras e distincións: Nomeamento de Fillo Predilecto de Ordes.

Segundo o art. 3 de dito Regulamento o título de fillo predilecto de Ordes, so poderá recaer nos que tendo nacido nesta localidade teñan destacado de forma extraordinaria polas súas cualidades ou méritos persoais ou servizos prestados en beneficio e na honra deste municipio e teñan alcanzado a consideración indiscutible no ámbito público.

Manuel Regos Boquete, nado en Ordes o 17 de maio de 1958, graduado social e funcionario administrativo no Servizo Galego de Saúde, criouse nun negocio de hostalería que rexentaban seus pais nunha zona moi concorrida da Vila de Ordes. Formou parte desta corporación municipal dende o ao 1987 ata o ano 2019. A maior parte da súa traxectoria política tivo lugar no goberno municipal, ao carón de Teodosio Martino Martino, chegando a acadar a Alcaldía en 2007 na cal se mantivo ao longo de dous mandatos.

Manuel Regos Boquete é merecedor do título de Fillo Predilecto de Ordes por ser parte da historia política deste municipio, tendo contribuído de forma significativa durante vinte anos como concelleiro e tenente de Alcalde do goberno municipal, e dous mandatos ao fronte da administración municipal do Concello de Ordes, á mellora económica e social deste municipio.

Tendo en conta o anterior, e segundo o establecido nos arts. 7 e 8 do Regulamento de honras e distinción do Concello de Ordes, propoño á Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, a adopción do ditame seguinte:

1. Iniciar expediente xustificativo dos méritos e circunstancias, con inclusión de cantas informacións, probas ou dilixencias se necesiten para que os servizos, feitos ou actuacións consten fehacemente, para a concesión do título de Fillo de Ordes, na categoría de Fillo Predilecto a Manuel Regos Boquete.
2. Designar como instrutor do expediente xustificativo, coa asistencia do Secretario Xeral, á concelleira desta Corporación: Susana García Gómez. A cal, unha vez ultimado este, deberá elevar proposta de concesión ou denegación deste título”.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, de data 22/11/2024.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que esta claro para o PSOE, seguen coa mesma idea que tiveron co nomeamento de fillo adoptivo do Sr. Martino Martino. Unha persoa que foi elixida para un cargo, que foi remunerada polo seu desempeño, non entenden por que ten que ter un recoñecemento especial por facer o que ten que facer, que é dirixir un concello coa confianza que lle deron os votantes. Non ven ningún acto extraordinario, non ven que se levase ao pobo ao século XXI, ven moitos atrasos, moitas taras. Non entenden esta proposta de honras e distincións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que en coherencia co que manifestaron na concesión de título de fillo adoptivo ao Sr. Martino Martino. Entenden que a corporación municipal en ningún caso debería premiar ou branquear o que é o transfuguismo. O Sr. Regos Boquete foi reincidente en varias ocasións. No ano 1999 para formar un goberno municipal do que foi Alcalde o Sr. Martino Martino, do que foi membro o Sr. Regos Boquete,



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

amparáronse en tráfugas, o Sr. Díaz Hermida do PSOE e o Sr. Cores Liste do BNG. No ano 2007 volveu a recaer, formou un goberno municipal, desta volta el xa como alcalde, no que integrou ao Sr. Astray Mariño electo polas filas de Nova Alternativa que se fixo tráfuga e apoio ese goberno municipal. Despois resulta curioso que na proposta de Alcaldía se diga que o Sr. Regos Boquete é merecedor da concesión do título de fillo predilecto de Ordes por ser parte da historia político deste municipio tendo contribuído á mellora económica e social, cando PP no ano 2011 estaba dicindo que estaba nunha clara insolvencia como se aprecia no dixital ordes 7 de 05/10/2011, El Correo Gallego 12/03/2011 “Para el PP de Ordes el crédito de 2,7 millóns de euros solicitado por el Concello al Ministerio de Hacienda para un plan de pago a proveedores acredita la situación de bancarrota en el que la gestión de Manuel Regos sumió a este municipio”, popularesdeordes.blogspot.com “o PP de Ordes rexeita a conta 2011 por que o goberno desenvolve unha política presupostaria insostible con máis de dez millóns de euros de débeda”, La Voz de Galicia 16/05/2014 o PP acusa ao goberno de Ordes de ocultar a bancarrota do Concello. É incoherente que naquel entón se diga que a xestión económica era unha ruína e agora se xustifique a proposta de concesión da distinción de fillo predilecto de Ordes por que ten contribuído a mellora económica do concello. Non o ven así. Van votar en cotra, o principal motivo é ese que a Corporación nunca debe premiar ou branquear o transfugismo.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que seguen a pensar o mesmo. Non ven que haxa razóns, nin motivos e moito menos que fose un alcalde que fixese avanzar o pobo, polo menos mellorar drasticamente, seguimos estancados con políticas retrógradas. Non o entenden.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que lembraba o Sr. Alcalde no seu discurso de investidura ese refrán popular que fai referencia a que é moi difícil ser profeta na túa terra, pero que tamén non hai maior orgullo que servir aos teus veciños e poñer o teu grao de area para mellorar a vida e as oportunidades de todos e cada un deles. Hoxe votando a vista atrás, esquecendo e deixando de lado o terrible e daniño clima político que vivimos en España, apartando do noso camiño o enfrontamento constante que provocan siglas e cores políticas, que pouco ou nada teñen que ver co que demandan os nosos cidadáns. Todos podemos coincidir que aquí en Ordes temos un bo exemplo de alguén que foi profeta na súa terra. Se entendemos este refrán como alguén que quixo á súa localidade, que traballou por ela, non so no concello, tamén no centro de saúde. Que contribuíu a melloralala en moitos aspectos, que foi recoñecido pola súa labor nas urnas. O Sr. Regos Boquete pode dicir alto e claro que foi profeta na súa terra. Ao longo da súa vida política e intensa dedicación como concelleiro e como alcalde soubo poñer en moitas ocasións os intereses do noso pobo por riba de todo tipo de responsabilidades persoais, laborais e ideolóxicas enfrontándose a unha infinidade de vicisitudes. Sempre tivo claro o seu compromiso con Ordes, sempre tivo claro que os veciños eran o primeiro e case o último das súas responsabilidades. O demostrou Srs. do BNG cando o 04/11/2015 adicou unhas calurosas verbas ao nosos compañeiro de corporación o Sr. Recouso, cando apelou ao que nos une e non ao que nos separa, o noso pobo, a nosa xente a nosa dedicación e os momentos cos veciños á marxe das ideas que son amigos, respectados e queridos. Ese día vostede manifestou sentidamente a súa gratitude polo recoñecemento e mostras de cariño ao un compañeiro dixo literlamente “quítome o sombreiro ante todos vos e incluso ante membros de outras corporacións” para posteriormente agradecer a todas as corporacións e ao pobo de Ordes o cariño e o respecto mostrado. Esta é Sr. Vidal a maneira de dignificar o traballo dos que adican o seu tempo e boa parte da súa vida a servir aos seus veciños. A perspectiva do tempo debe servir para valorar o traballo do Sr. Regos tanto como concelleiro como rexedor ao fronte deste consistorio, con acertos e con erros, os mesmos que temos e teremos os que hoxe estamos aquí ao fronte do concello, pero ninguén pode negar a transformación levada a cabo por esta vila nos seus anos de responsabilidade



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

como concelleiro e como alcalde. E a esa transformación tamén contribuíu o PSOE. O Sr. Regos abríulle a man ao PSOE para formar parte deste concello. Faláronvos cos concelleiros que do seu partido formaron parte do seu goberno, pedíronlle opinión sobre este recoñecemento institucional. Mudarían o sentido do seu voto se o Sr. Regos houbera encabezado a lista do seu partido e houbera gañado a alcaldía. Gratidade Sra. Berdomás, é a que temos que ter con todos, como concelleiros e como veciños, á marxe de ideoloxías e diferencias política por que ano final do día todos somos persoas que adicamos o noso tempo aos demais. Anos de implicación, traballo e moito agarimo polo que significa e sente polo seu pobo son motivos máis que suficientes para que hoxe traíamos aquí o expediente para nomear ao Sr. Regos Boquete como fillo predilecto de Ordes. Temos ante nos a oportunidade de dar un bo exemplo aos nosos veciños, temos a oportunidade de deixar de lado ese clima político que nos rodea de forma que calquera proposta que chega de outra cor política e rexeitada sen entrar a valorar o verdadeiro fondo da cuestión. Esta segura de que a maioría dos nosos veciños entenderán e compartirán esta decisión. Non en balde o Sr. Regos Boquete é un deles e foi elixido por eles. É unha persoa que un día decidiu poñerse ao servizo do seu concello e dar un paso ao fronte para asumir unha responsabilidade que probablemente nin el mesmo sabía o que significaba co soño de convertese algún día en profeta na súa terra.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría absoluta de nove votos a favor (grupo político PP), oito votos en contra (6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. Iniciar expediente xustificativo dos méritos e circunstancias, con inclusión de cantas informacións, probas ou dilixencias se necesiten para que os servizos, feitos ou actuacións consten fehacemente, para a concesión do título de Fillo de Ordes, na categoría de Fillo Predilecto a Manuel Regos Boquete.
2. Designar como instrutor do expediente xustificativo, coa asistencia do Secretario Xeral, á concelleira desta Corporación: Susana García Gómez. A cal, unha vez ultimado este, deberá elevar proposta de concesión ou denegación deste título”.

#### **5. APROBACIÓN ADHESIÓN Á ASOCIACIÓN DE CONCELLOS GALEGOS AFECTADOS POLA AUTOESTRADA DE PEAXE, AP-9 (ACAP9).**

A efectos do establecido no art. 83 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde sométese ao Pleno, por razóns de urxencia, este expediente que inicialmente non figuraba incluído na orde do día.

Polo Sr. Alcalde xustifícase a urxencia en que é necesario adoptar antes do 31 de decembro de 2024 o acordo de adhesión a esta Asociación, non estando establecido por esta Corporación a celebración de ningún outro pleno ordinario no que resta do ano 2024.

O Pleno por maioría de dezasete votos a favor, sendo dezasete o número legal dos seus membros, acordou a inclusión deste asunto na orde do día.

Expediente de adhesión á Asociación de concellos galegos afectados pola autoestrada de peaxe, AP-9 (ACAP9) (**Expdte. 2024/X998/000446**).

Vista a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

“Vista a proposta de Borrador dos Estatutos da Asociación de concellos galegos afectados pola autoestrada de peaxe AP-9 (ACAP9).



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Visto que a finalidade da Asociación, con carácter xeral, é fomentar e defender os intereses dos municipios galegos integrados no ámbito desta Asociación, e en particular en todos os aspectos municipais relacionados coa autoestrada de peaxe AP-9.

Vistos os dereitos e obrigas que asumen os concellos que se adhiran a esta Asociación.

Visto que as entidades locais poden constituír asociacións, de ámbito estatal ou autonómico para a protección e promoción dos seus intereses comúns.

Visto que unha actuación conxunta dos concellos galegos polos que discorre a autoestrada de peaxe AP9 pode ser máis beneficiosa para a defensa dos seus intereses en relación con esta vía de comunicación.

Por todo elo, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión á ASOCIACIÓN DE CONCELLOS GALEGOS AFECTADOS POLA AUTOESTRADA DE PEAXE, AP-9 (ACAP9) e, consecuentemente, aprobar o borrador dos seus Estatutos que figuran como anexo.

SEGUNDO.- Designar ao Alcalde-Presidente do Concello, José Luis Martínez Sanjurjo, como representante municipal nesta asociación .

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde-Presidente para cantas xestións resulten precisas para a execución do presente acordo”.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que ven con bos ollos calquera asociación que lles permita defender o mellor para os nosos veciños.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que votan en falta nos estatutos que non se contempla de forma expresa a consecución da transferencia a AP-9 a Xunta de Galicia ou conseguir a súa gratuidade para todas as persoas, non so para os concellos polos que discorre, que son as liñas nas que ven traballando o BNG ao longo destes anos. A concesión da AP-9 xa tería rematado se non fose primeiro pola prórroga co goberno do PSOE por dez anos ata o ano 2023 e despois co prórroga do goberno do Sr. Aznar que ampliou o prazo vinte e cinco anos máis ata o ano 2048. Vanse abster por que a liña que defenden con respecto ao futuro da AP-9 é máis ambicioso co obxectivo de conseguir a súa transferencia á Xunta de Galicia e a gratuidade para todas as persoas e usuarios. Unha AP-9 galega e libre de peaxes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que cada un é libre de facer as súas propostas. Agradece o apoio do PSOE. Nesta asociación o que estamos a ver que os concellos que posiblemente non se integren son os que formen parte da súa cor política. Como xa dixo en anteriores ocasións as cesións do seu voto ao Sr. Pedro Sánchez foron papel mollado, moito insistir pero non chegan nunca a nada. A solicitude de transferencia hai un acordo parlamentario unánime de todas as formacións políticas. Oxalá dunha vez por todas no Congreso dos Deputados teñan a ben darlle trámite e levala a cabo. Do que se trata neste momento é de conseguir os máximos dereitos para os veciños dos concellos afectados e especialmente o que é unha cuestión importante dende o punto de vista económico que é levar a cabo a actualización do valor catastral que está desactualizado dende o ano 2017, petición



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

que non se pode facer de forma individualizada, debe ser de maneira conxunta. A AP-9 é unha vía de comunicación que atravesa todos e cada un deses concellos, o valor catastral ten que ser o da totalidade e despois proporcionalmente en función da superficie de cada concello e dos inmobles que ten incluídos facer o reparto proporcional.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de once votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político PSdeG-PSOE), coas abstencións (6 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión á ASOCIACIÓN DE CONCELLOS GALEGOS AFECTADOS POLA AUTOESTRADA DE PEAXE, AP-9 (ACAP9) e, consecuentemente, aprobar o borrador dos seus Estatutos que figuran como anexo.

SEGUNDO.- Designar ao Alcalde-Presidente do Concello, José Luis Martínez Sanjurjo, como representante municipal nesta asociación .

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde-Presidente para cantas xestións resulten precisas para a execución do presente acordo.

### **6. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.**

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 6 de novembro de 2024, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

### **7. MOCIÓNS.**

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Non se formula ningún moción por ningún grupo político ou concelleiro.

### **8. ROGOS E PREGUNTAS.**

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Estes días chegounos a queixa do persoal sanitario de urxencias do PAC de Ordes no referente ás condicións da sala que usan como habitación de descanso, xa que se trata dunha sala de almacén, non dunha habitación en sí.

Están a durmir en colchóns tirados no chan, non dispoñen de armario para gardar as súas pertenzas e ademais esta sala está repleta de caixas e cadeiras almacenadas. Debido a esta situación completamente insalubre e totalmente inadecuada, o traballo que realizan estes profesionais vese prexudicado tendo en conta que se encargan do mais prezado que temos os cidadáns que é a nosa saúde.

É polo que solicitamos:

Esixir ao Sergas a resolución desta situación na maior brevidade posible, creando unha sala de descanso decente e perfectamente equipada a tal fin ao igual que existe noutros PAC da contorna.

Intervén a Sr. García Gómez, concelleira delegada de sanidade, que sinala que a veces presentan rogos que atentan contra o sentido común e denotan unha falta de coñecemento total do que se esta a falar. Vai a darlle un consello, cambien de informantes por que así van mal.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que pode mandarlle os vídeos.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que non sabe o que gravaron. O primeiro e antes de nada ao Servizo de Urxencia vaise a traballar. No caso de ter tempo de descanso por falta de urxencia, que sería o desexable. No PAC de Ordes – Urxencia hai catro habitacións completas con baño, cama, calefacción, roupa limpa, armarios, auga quente e limpeza diaria. Hai dous equipos de un médico e enfermeiro, cada un ten a súa habitación, a maiores unha habitación sen baño pero con todo para o celador, aparte hai unha sala de descanso abaixo con dous sofás, cociña e outra arriba con dos sofás, cociña e dúas camas móbiles cando lle toda vir a algún residente. Non ha ningunha situación insalubre e totalmente inadecuada. Non hai ningunha habitación que sexa un almacén, non é verdade o que din e as invita a coñecer de primeira man as instalacións do Centro de Saúde e PAC de Ordes para evitar este tipo de alarmismos. Foi ela mesma facer as fotos, hai cinco habitación, iso é un hotel.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- No pasado pleno ordinario de outubro, en resposta a unha pregunta formulada polo BNG sobre o Curso de Habilidades Sociais, a voceira do goberno local recoñecía as dificultades para ocupar o posto de educadora social no Concello de Ordes por tratarse dun contrato precario.

A concelleira, ao mesmo tempo que afirmaba isto, acusaba á lexislación laboral vixente de non poder precarizar aínda máis este contrato a través dun posto temporal.

O posto de educadora social debería estar contemplado para unha xornada completa xa que non soamente se estipula que o seu posto sexa destinado á atención directa





## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

das persoas usuarias se non que, ademáis, débese realizar unha planificación e avaliación minuciosa. Ademais, o aumento da súa xornada permitiría aumentar e mellorar o servizo ofrecido ás persoas usuarias.

As educadoras sociais xa manifestaron en numerosas ocasións o seu malestar pola indiferenza da administración autonómica e da precarización que están a sufrir a pesares da importancia do seu labor e o gran valor social que xeran. Neste sentido, dende o PSdeG, cremos que o Concello de Ordes debe dar exemplo e rachar con esta tendencia.

É polo que solicitamos:

Ampliar o horario laboral ata acadar a xornada completa da persoa que se incorpore ao posto de educador/a social.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleiro delegada de política social, que sinala que non dixo que se tratase dun contrato precario, revise a acta. A reforma do estatuto dos traballadores foi a peor para a administración, afecta á prestación dos servizos que lle esixen con tanta vehemencia, é un obstáculo. Se ten algún problema vaia discutir coa administración autonómica, o concello de Ordes ten delegado na mancomunidade dúas familiares. O horario é o que se necesita para a prestación do servizo.

Intervén a Sra. Rivadas López, que sinala que evidentemente non dixo que o contrato era precario, pero a temporalidade e a xornada parcial son precariedade laboral, non ten outro nome. Vemos que a intención é seguir como estamos.

Intervén o Sr. Alcalde, que pregunta se entón a compañeira que ten ao seu lado ten precariedade laboral por ter unha xornada parcial.

Intervén a Sra. Rivadas López, que sinala que depende do que ela considere. Tamén hai outros factores a valorar como é o salario.

- A día de hoxe poden verse, durante o día, moitas farolas acesas. O caso que figura na imaxe, en Perra (Mercurín), é un dos moitos exemplos que podemos atoparnos.

É polo que solicitamos:

Identificar as farolas que presentan un mal funcionamento para facer un uso responsable e sostible dos recursos públicos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non comparten o rogo por que confían plenamente na labor da empresa de mantemento. Esa farola ten unha fotocélula que esta avariada. Se ten claro que hai tantas mande a ubicación, día e hora e as pasarán a comprobar.

- Unha das sinais de tráfico situada na rotonda do Paraíso está tirada.

É polo que solicitamos:

Realizar os trámites necesarios para repoñela.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está nunha estrada da Deputación. Xa foi arranxada por esta o mesmo día.

- Parte da entrada do parque Félix Rodríguez de la Fuente está obstaculizada por dous contedores. A isto hai que engadir que constitúen un obstáculo na beirarrúa e que non están amarrados.

É polo que solicitamos:

Que se ubiquen os contedores nunha zona que non obstaculice o paso e se amarren debidamente.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que estes contedores están aí porque se utiliza polo persoal de mantemento do parque durante a súa xornada de traballo, rematada esta retíranse.

- O paso de peóns que une o Parque da Constitución e o Parque Félix Rodríguez de la Fuente presenta unha barreira arquitectónica, pois a beirarrúa non ten o rebaixe necesario para facilitar o itinerario.

Ademais, o acceso ao Parque da Constitución está limitado por un chanzo dunha altitude considerable.

É polo que solicitamos:

Eliminar ditas barreiras arquitectónicas mediante o rebaixe da beirarrúa no paso de peóns e a supresión do chanzo que da acceso ao Parque da Constitución.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as obras e os proxectos iranse executando segundo a dispoñibilidade dos recursos. A rúa Reconciliación é unha obra valorada, pendente a súa execución de recursos. O parque da Constitución ten tres accesos accesibles libres de barreiras.

- Na parroquia de Poulo, en Lavandeira (Poulo) existe un poste con risco de caer sobre a estrada. Este asunto xa foi tratado en pleno na anterior lexislatura.

É polo que rogamos:

Que se realicen os trámites necesarios para garantir a axeitada suxeición do mesmo na maior brevidade posible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se pediu un novo informe á policía local e darase traslado novamente a Telefónica.

- O pasado mércores 20 de novembro as persoas usuarias que acudimos ao ximnasio da Piscina Iván Raña atopámonos cun cartel na porta informando do peche da instalación os días 21, 22, 23 e 24 de novembro.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Este aviso realizouse 24 horas antes do peche e por unha única vía de xeito que soamente dispuxemos desta información as persoas que acudimos nese mesmo día ás instalacións.

É reseñable o feito de que este peche se produza a tan só 3 meses de agosto. Agosto é o mes no que se suspende totalmente a actividade das instalacións co suposto propósito de realizar as melloras necesarias.

O persoal das instalacións esforzouse para que cada unha das persoas que acudimos ese día ao ximnasio dispuxésemos da información que figuraba nos carteis mais non podían ofrecer máis detalles ao respecto como, por exemplo, os motivos do peche ou se as persoas usuarias veríamos descontada economicamente a suspensión da actividade durante eses días.

Consecuencia disto, moitas persoas chegaron aos días seguintes ao ximnasio e non puideron desfrutar dun servizo que xa pagaron a principios de mes.

Esta manobra corresponde á xestión ineficaz, irresponsable e imprudente das instalacións deportivas, á que xa estamos acostumbrados/as, mais que non deixa de sorprendernos.

É polo que solicitamos:

Planificar anualmente as actuacións nas instalacións deportivas para poder realizalas nos períodos de inactividade e así non entorpecer o normal funcionamento dos servizos.

Ante o peche das instalacións por causa de forza maior, establecer un sistema de aviso que permita informar a cada unha das persoas usuarias da situación coa maior antelación posible.

Proceder á devolución dos importes correspondentes aos días 21, 22, 23 e 24 de novembro a cada unha das persoas usuarias incluíndo unha indemnización polos prexuízos causados.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de Deportes, que sinala que o que se di non é certo. Como usuaria do ximnasio ou da piscina este é o cartel que estaba exposto alí dende o medio día do día 15, nas portas de entrada e nas portas de entrada ao ximnasio. Di que minte, o comprobaremos logo. Ten que ser vostede a que lle demostre que é ela a que está a mentir e este non era o cartel alí exposto. A empresa adjudicataria encontrouse con un problema na subministración, que non foi culpa do concello. A adjudicación do contrato fíxose a finais de agosto, sendo posible o montaxe das máquinas en tres días. O peche fíxose dende o xoves pola tarde, non todo o día. A instalación non é so o ximnasio, ten a piscina, actividades e sauna, non hai un abono de ximnasio exclusivo ou unha cota aparte. Calquera persoa pode presentar unha queixa formal que se contestará dende o concello.

- O pasado outubro, o CEACOG inauguraba as medidas de accesibilidade cognitiva no centro de saúde de Oroso. Estas medidas permiten, en boa parte, a orientación e comprensión da información por parte das persoas usuarias.

Esta actuación podería implementarse tamén no centro de saúde de Ordes beneficiando así a toda a veciñanza.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Solicitamos ao señor Alcalde:

Contactar con Plena Inclusión para replicar a medida citada no centro de saúde de Ordes.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de sanidade, que sinala que a configuración do espazo de acceso do centro de saúde de Oroso require unha sinalización específica, no centro de saúde de Ordes o acceso é inmediato á administración, consultas, salas de espera, hai unha accesibilidade total con encamiñadores, sinalización, ...etc., calquera media que favoreza a plena inclusión e ben recibida. Darase traslado ao centro de saúde, eles consideran que a súa inclusión é plena por que calquera acceso é á vista.

- O poste que figura na imaxe, situado en Mercurín (43.1246920, -8.4275544), atópase pendurado polo propio cableado en con varios filamentos colgando.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se realicen os trámites necesarios para amañar o poste.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que igual que no rogo anterior pediuse informe á policía local e darase traslado a Telefónica.

Intervén a Sra. Martínez Vieites, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No núcleo de Castrelos, existen tres vivendas que carecen de alumeado público nos seus accesos.

Trátase dunha zona catalogada como solo de núcleo rural polo P.X.O.M. de Ordes, na que non existen postes para a colocación dos correspondentes focos de alumeado público.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda a dotar a ditas vivendas de alumeado público nos seus accesos, na mesma medida na que poida contar calquera outro veciño ou veciña do noso concello, dispoñendo os postes e o tendido que sexa preciso.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que unha presentaron o rogo contactou coa empresa de mantemento, non é certo todo o que din. Hai dous que si teñen punto de luz nas inmediacións e preto das propias vivendas. Hai outra que non pero ten un inconvinte, ten a súa canalización soterrada, se ten trato con estas persoas, que pasen polo concello a solicitude ten que levar aparelhada a autorización para o voo sobre a súa propiedade, non pode ser sobre dominio público. Despois veremos o que se pode facer. No poste de telefonía non se pode apoiar.

- No núcleo de Codeseda, existe unha canalización de pluviais soterrada na zona que se sinala na ortofoto que se achega xunto o presente rogo.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

O remate de dita canalización atópase atascado, tal e como pode apreciarse nas fotografías que se achegan, o que non garante un axeitado funcionamento da rede.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda co desentullo no remate da citada canalización de pluviais.

A organizar unha limpeza periódica de dita canalización, para garantir o seu axeitado funcionamento.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se lle deu traslado á brigada municipal de obras e pasarán á súa comprobación.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Con respecto ás obras que se están a levar a cabo nos últimos meses da nova escola infantil na rúa de Galicia, chegaronnos queixas de veciños e veciñas pola escasa sinalización viaria e pouca organización, o que dificulta tanto o tráfico como o desprazamento dos viandantes, posto que se producen situacións nas que dous coches quedan un en fronte do outro sen poder pasar, tendo un deles que dar marcha atrás, con todo o perigo que isto supón.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se tomen as medidas necesarias para que nestas actuacións se sinalice axeitadamente a vía pública e optimizar así a circulación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é falso que se diga que existe pouca sinalización e organización viaria. Estase a traballar nunha vía urbana, cunhas dimensións, ata que se rematen as obras había un estacionamento a ambos lados, había unhas costumes de zig-zags, obstaculizacións uns aos outros. Bastante ben o están a facer para poder lidiar con todas as situacións que están producirse a diario. O convida a que vexa como se organiza, sinalizan a primeira hora da mañá e como deixan todo á última hora. Confían plenamente nas labores que se están a facer alí e especialmente nas obras de urbanización que comezaron a principios deste mes e que van a ter rematadas vindeira semana ou principios da seguinte. Pouco máis de pode pedir. Hai sinais dende a rúa Ramón Carro e rúa prolongación dos Lagartos.

Da conta do que lle trasladan, pasou algunha vez por alí. Non di que sexa fácil isto. Pasa unha vez ao día por alí, e pasa que querer aparcar nun sitio e non estar sinalizado que non se pode aparcar e virlle botar a bronca.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que mellor non lle van responder. Se lle indican que non se pode aparcar terá que guiarse por quen está nas obras, indicadas desde o minuto un que entra nese tramo de rúa. Descoñecemos a normativa. Temos que volver sacar o carnet de conducir. Se está perfectamente sinalizado desde o inicio ata o remate, é o operario o que ten a competencia total para dicirlle que non pode estacionar alí. Non ten que estar a policía local, ninguén para dicirllo. É suficiente que llo diga o operario e ten que atendelo, por que ten un problema de organización nese momento que lle está a provocar vostede.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que sinala que entenderá que se lle din que non pode aparcar non aparca, e non pasa nada. O que demandan é que hai situacións en que a organización non é óptima. Así llo trasladaron e o traen aquí.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No CEIP ADR Castelao, existe alumnado que quedou excluído do servizo de comedor escolar, ocupando situación de reserva, dado que non se contan con prazas de comedor suficientes para atender a demanda.

Segundo se nos deu traslado, hai preto de 30 alumnos/-as demandantes de comedor que quedaron sen servizo.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A demandar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galiza, a que incremente o número de prazas de comedor para o CEIP ADR Castelao, para dar cobertura ao alumnado demandante do servizo e que quedou en situación de reserva. Incluso valorando a posibilidade de establecer a prestación do servizo por quendas.

A levar a cabo as accións precisas para evitar que esta situación volva a repetirse no curso 2025-2026.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que todos os alumnos que teñen dereito segundo a Instrución da Secretaría Xeral Técnica teñen praza no comedor do CEIP Castealo. Non quedou ninguén excluído que teña dereito. Outra cousa é que unha vez que entran todos, se quedan prazas, poidan entrar segundo determinada orde as persoas que o soliciten. Se está excluído non está en lista de agarda.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se hai unhas determinadas prazas que asigna a Consellería para comedor e quedan alumnos en reserva para poder acceder ao comedor, na medida do posible establecer unhas quendas para cubrir todo ou facer o necesario para poder incrementar esas prazas, será o óptimo. Este é un asunto de interese a tratar no Consello Escolar Municipal.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que hai moitos colexios no municipio, ao mellor esa tampouco é a solución. Hai tres CEIPs, para ampliar prazas de comedor hai que valor por comedor noutro. Isto e cada ano. Hai xente que o entende e outra que non, tamén depende da posición económica de cada un. Lea a normativa e o entenderá.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que quede claro que ninguén está excluído con praza de comedor.

- No tanatorio municipal, non se están a efectuar labores de limpeza durante as fines de semana. Non comprendemos desde o BNG a que se debe esta decisión do goberno municipal de reducir a calidade na prestación do servizo, dado que precisamente nas fines de semana é cando se pode producir unha maior concentración de xente, e polo tanto resultar precisas as tarefas de limpeza nas instalacións, papeleiras e aseos.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Recuperar o servizo de limpeza no tanatorio municipal durante os fines de semana.

Intervén o Sr. Cabeza Fraga, concelleiro delegado de obras, que sinala que descoñece de donde sacaron que non hai limpeza no tanatorio. Límpase como se limpou sempre, fins de semana e festivos incluídos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se lle di que o servizo de limpeza que ten contratado o concello funciona fins de semana e festivos.

Intervén o Sr. Cabeza Fraga, que pide que se informe por que non sabe do que está a falar. Non hai ningunha empresa. Cree que lle contestou.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non hai ningunha empresa, fale con propiedade. Reitera o que lle acaba de dicir o compañeiro, funcionamento que coñece ben pola súa outra labor profesional. Non está a dicir a realidade ou lle contaron a información dunha maneira totalmente distinta. Se o que lle ben a dicir e que a labor de mantemento está cuberta os 365 días do ano, ten que dicirlle que non. As labores de limpeza está cubertas os 365 días do ano se hai algún servizo no tanatorio, si.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non é o que lle trasladan. Non foi unha sola.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que invita a esas persoas a vir ao concello, tamén a vostede, virá a traballadora. Vai a quedar mal xa llo asegura.

- No pleno ordinario do mes de outubro, desde este grupo municipal do BNG amosamos a nosa preocupación debido a que o curso de habilidades sociais que se viña desenvolvendo ao longo de todos estes anos nas instalacións do mercado agrario comarcal do Mesón do Vento, non dera comezo.

Desde o goberno municipal apuntábase que “a persoa que ía iniciar o curso mentres non se concluíu o proceso de estabilización en Ordes, foi estabilizada noutro concello. Estamos pendentes do proceso de estabilización”.

Desde o BNG, apuntabamos a que o proceso de estabilización do persoal laboral rematara cunha resolución de 10/09/2024, indicando as persoas aprobadas que superaran o proceso selectivo, pero que na resolución de contratación de persoal laboral do 26/09/2024 non se facía mención por ningures ao educador/-a social.

O caso é que chegamos practicamente ao remate do mes de novembro, e o curso de habilidades sociais sigue sen dar comezo.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que leve a cabo de maneira urxente, as actuacións precisas para dar comezo co curso de habilidades sociais.

A que se valore mancomunar a prestación deste servizo, que entendemos que pode resultar beneficioso para a veciñanza de tódolos concellos da comarca.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira de política social, que sinala que xa se ditou a resolución e publicouse, falouse co candidato suplente que quedou en dar unha resposta. A



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

valoración da prestación mancomunada do servizo corresponde a outra administración e ten que contar co apoio e financiación de sete concellos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se lle explicou no anterior pleno que a finalización do proceso de estabilización e cando presentan toda a documentación para o nomeamento e toma de posesión ou contratación. Hai procesos de estabilización que non están completados, hai algún máis.

Intervén o Sr. Candal Fariña, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- En Mesón do Vento a carón da fonte hai unha vaia metida para dentro coa que debeu bater un coche, habendo un desnivel cunha altura considerable.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que leve a cabo de maneira urxente as actuacións precisas para evitar caídas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que terá que actuar o concello por que non van esperar que o faga a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- O pasado martes 19 de novembro no pavillón Castelao II apareceron ao longo da pista charcas de auga debidas á entrada de auga de choiva polos respiradoiros do tellado, tendo en conta que dito día as choivas non foron copiosas pero si se trataba dun día de vento, ademais de ser un tellado recen reparado para evitar problemas de humidades que se viñan repetindo ao longo dos anteriores meses e que facían imposible o uso de dito pavillón. Este feito dificultou o desenrolo por parte dos usuarios das actividades deportivas que se estaban a realizar.

E polo que preguntamos ao Sr. Alcalde:

¿Se tiña coñecemento deste feito o equipo de goberno?.

¿Cal vai a ser a solución deste novo problema?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o día 19 nin choveu, nin houbo ningún problema no pavillón, nin fixo vento. Se lle fala doutro día desa semana. Houbo un problema o xoves 21, o contratista e o director de obra están ao tanto, están a corrixir a posición das lamas cunha protección para evitar ese pingoneo que era mínimo.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- En relación ao persoal do Concello de Ordes que desempeña as súas funcións na piscina Iván Raña, formulamos as seguintes preguntas:

¿Que equipos de protección individual teñen asignados os diferentes postos de traballo segundo a ficha de riscos?.

¿Proporciona o Concello de Ordes os equipos de protección individual completos, tales como o calzado, ao persoal?.

De ser afirmativa a resposta anterior, ¿podería o goberno local aportar algunha evidencia do cumprimento desta obriga?.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que o Concello de Ordes en coordinación coa empresa encargado do servizo de prevención de riscos laborais proporcionase o material necesario para os diferentes postos de traballo. En funcións das necesidades dos empregados realízase a adquisición periódica dos equipos adicionais. Neste mes renováronse os uniformes dos monitores-socorristas, persoal administrativo e persoal de limpeza por un importe de 1.390,00 euros. A finais de ano a empresa de encargado do servizo de prevención de riscos laborais ten prevista unha visita as instalacións para a actualización preventiva, se durante esta visita se detectase a necesidade dun equipamento adicional procederáse a súa adquisición. Como sempre se veu facendo os traballadores poden solicitar a adquisición de calquera material que precisen, sempre se procura dar resposta ás súas demandas dentro do posible e razoable. Ata o de agora nunca houbo problema con este sistema.

- Durante o pleno ordinario de abril, o Partido Socialista solicitoulle ao goberno local instar á Xunta de Galicia a amañar a barreira que se atopa na Oficina Rural.

Sete meses despois segue no mesmo estado.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Fíxose a correspondente solicitude á Xunta de Galicia?.

De ser así, ¿cal é o motivo de non contar, a día de hoxe, coa barreira amañada?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que nese pleno o que se rogou foi o amaño da barreira da oficina rural, non pediu que se instase a ninguén. Foi el quen lle dixo que era da Xunta de Galicia. Vostede dixo que daquela que se fale coa Xunta. Díxolle que se tomaría en consideración. A súa intención é retirala, insistirán unha vez máis para que tomen unha determinación. a previsión é a retirada.

- O ESAD que presta servizo no concello de Ordes e concellos limítrofes componse de dúas profesionais de enfermaría. Nos últimos meses este servizo está sendo proporcionado por unha única profesional xa que a outra atópase de baixa.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Ten o goberno local constancia de que o Sergas non cubriu este posto de traballo?.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

¿Fixo ou vai facer algo o goberno local ao respecto para que a veciñanza de Ordes dispoña deste servizo domiciliario co número de profesionais que corresponde?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de sanidade, que sinala que o servizo está cuberto, hai unha persoa que se incorporará dunha baixa por maternidade. Hai dúas de ESAD, hai oito enfermeiros no centro de saúde, 8 enfermeiros no PAC e 8 enfermeiros no servizo. Estase cubrindo o servizo. Vostede quere cubrir prazas. Ao usuario chégalle a axuda. Non hai ninguén que non recibirá o servizo.

- A veciñanza da Castiñeira (Leira) amosou o seu malestar polo estado da estrada que figura na imaxe xa que é demasiado estreita e dificulta o paso de dous vehículos así como a circulación de camións e furgonetas.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Valorouse realizar algunha actuación ao respecto na citada estrada?.

¿De ser así, existe previsión de realizala nos próximos anos?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que como xa lle dixo por valoracións é a 5.01\_2024. Non é so o afirmado dese tramo, é o afirmado de todo Gouzón, Castiñeira e Altiboia, coincidindo plenamente coa zona onde se executou o saneamento e abastecemento nos anos 2020-2022. Prazo non se pode garantir será segundo as dispoñibilidades, nas próximas data aprobarse a participación no POS+ 2025. Hai outras prioridades. É estreita, hai peches, se vostede ten a plena dispoñibilidade dos terreos que se acheguen a concello para falar da súa cesión. O 70 % dese tramo está pechado a ambos lados con muros altos. Necesitamos a predisposición dos veciños, non é son tiralos, hai que refacelos. Se quere colaborar. Esa preocupación a eles non lla trasladaron.

Intervén o Sr. Candal Fariña, en representación do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Nas proximidades da rotonda da Piolla, que enlaza a estrada AC-542 coa estrada N-550, atópase un pozo de recollida de pluviais que carece de reixa e supón un perigo tanto para peóns como para os vehículos que poidan transitar pola vía pública, dado que se atopa a carón do acceso a locais de hostalería existentes na zona.

Recentemente foron colocadas unhas balizas por parte da policía local, sinalizando dito elemento.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Solicitouse por parte do concello de Ordes á Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galiza (administración titular da AC-542), a dotación dunha reixa ou calquera outro elemento que evite o risco que supón este pozo de recollida de pluviais?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que si que o vimos, está sinalizado. O 31/10/2024 mandouse o informe á AXI. Pensaron inicialmente en base ao informe da policía local que era competencia autonómica. A AXI unha vez avaliada polo seu técnico informa que a arqueta non



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

e deles, pertence á N-550, zona de conservación da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia. A continuación a policía refai o informe o 08/11/2024 remítese ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible solicitando unha intervención urxente, dende esa data non se sabe nada deste Ministerio. Volvemos a estar ante unha situación de desidia e asistencia a unha demanda urxente, como outras moitas que temos ao longo da N-550 que están sen atender. Teñen traballo para unha semana para atender todas as demandas que consideran urxentes. Non teñen diñeiro para investir na N-550 no tramo Coruña-Santiago.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que agradecería que vostede e o concelleiro de obras de preocupen e lle sigan metendo presión ao Ministerio de Transportes, tamén teñen que mirar pola seguridade dos veciños.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non ten ningún inconveniente en mañá volver a chamar ao Xefe da Demarcación, pero van a seguir na mesma, non pode comprometerse a dicirlle cando van arranxar isto, nin outras moitas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- O domingo 24 de novembro, producíronse numerosas interrupcións da subministración eléctrica no noso concello. Desde pequenos e reiterados cortes pola mañá, ata a interrupción do servizo durante períodos prolongados pola tarde en diversas rúas do casco urbano de Ordes.

Aínda que ben é certo que nesa xornada, existiron rachas de vento de considerable magnitude, resulta curioso que noutros concellos veciños da nosa contorna, non se chegasen a producir estes problemas, e que Ordes volva a verse afectado por unha situación que xa resulta habitual, moito mais do desexable.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Cales foron os motivos polos que en Ordes se produciron estes cortes na subministración eléctrica e noutros concellos da contorna non se producisen?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que Naturgy informou que pola mañá houbo un fallo de tramo da liña subterránea coa alimentación da liña desde Meirama 809 que afectou basicamente á zona do Piñeiro e prolongación dos Lagartos. A tarde noite foi alimentación da liña de Sigüeiro 802 por unhas ramas nun punto da liña aérea. En canto á zona Meirama 809 foi un tramo de liña soterrada. Ambas delas foron solucionadas por Elecnor.

- No pleno ordinario do mes de abril do presente ano, desde o grupo municipal do BNG propuxemos convocar unha comisión informativa de urbanismo, coa presenza dos servizos técnicos urbanísticos municipais, de cara a explorar a posibilidade de tramitar un anexo de habitabilidade no noso concello, sobre as áreas ou rúas dos cascos urbanos de Ordes e do Mesón do Vento, nos que modificar ou eliminar as condicións de protección de vistas de cara a facilitar a implantación de vivendas nos baixos dos edificios.

Naquel pleno, a resposta do alcalde foi “é un traballo que xa está en marcha desde fai semanas”.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Pasaron sete meses desde aquel entón e a día de hoxe, seguimos sen saber nada ao respecto.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Que tipo de dificultades se produciron para que despois de sete meses, a pesares de levar xa naquel entón semanas traballando no documento (segundo o manifestado polo alcalde), sigamos a día de hoxe sen un anexo de habitabilidade no noso concello que facilite a implantación de vivendas nos baixos dos edificios?.

¿En que data prevé o goberno municipal que poida estar vixente o anexo de habitabilidade no noso concello?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que insisten no que lle dixo entón, isto é algo que ten que se coordinado por IGVS, non serve de nada que o concello queira tramitar nada sen ter a supervisión e aprobación do órgano competente da comunidade autónoma. Desde o mes de setembro está lista a proposta de zonificación que prepararon a arquitecta técnica municipal e o técnico redactor do PXOM. Falta o texto da ordenanza, a día de hoxe aínda non existe unha proposta de ordenanza tipo do IGVS. Hoxe a consulta da arquitecta técnico municipal informaron que somos o único concello de Galicia que se interesou por este anexo. Non podemos avanzar. No momento que haxa texto e documentación, poñéndose en coñecemento dos grupos políticos para poder avanzar.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte horas e corenta e seis minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE  
José Luis Martínez Sanjurjo  
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO  
Juan Luis González Iglesias